

OX ciclo de mesas redondas Escritoras/es na Universidade, organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, reuniu este mes de outubro pasado voces afíns. Co fin de fuxir das liturxias embalsamadoras que decote ocupan o espazo institucional procurouse establecer un diálogo

Sobre Clara Gayo

Marta Pérez **Texto**



Tenho que escribir 3.000 caracteres sobre Clara Gayo e comezo pensando que apenas coñecía a Clara Gayo, porque Clara Gayo vive nunha invisibilidade inxusta á que lle deben facer xustiza os meus 3.000 caracteres. Clara Gayo, creadora, dramaturxia textual: 9 textos, dramaturxia da imaxe: foto desagradable, video desagradable. Sexualidade, provocación, corpos imperfectos; anacos da vida que compoñen a unha das creadoras con máis personalidade do panorama escénico galego.

Xoga Clara Gayo coa idea da imperfección da vida e da súa propia personalidade para amosar a violencia que nos rodea e da que todos/as formamos parte. Porque Clara, quere deixar claro, que ti que estás lendo e vendo participas deste xogo; de feito, sen ti non sería posible.

Fálame Clara, mentres toma a cervexa e eu agócheme no güiski, do seu carácter impulsivo para a creación e de como sente un pánico escénico que lle prohibe materializarse a ela mesma como actriz. Eu tamén sufro, Clara, e quizais é por iso polo que me expoño tanto. No fondo, partimos do mesmo de formas diferentes: ela atreveuse a amosar o seu corpo íntimo en imaxes que colga no virtual; eu intimido ao meu corpo enfrontándome no espazo íntimo e público do teatro. Dicotomías que lle interesan e que cuestiona en cada texto, porque o límite entre o privado (doméstico) – público está en tódalas súas creacións.

O visible e o invisible entendido como prohibido. *Prohibido sufrir*: Meterse dentro para sacalo todo fóra, expoñelo. Anguria. *Agorafobia* –

Parálise sobre o medo (peza escollida nos Encuentros de Magalia 2009, a pesares das súas resistencias): a incomodidade de non saber onde nos temos que situar. “...*Dentro teño as miñas ventás. Polas ventás asomo ao ceo e a outras ventás. Dentro podo sentar e mirar. Dentro imaxino as miñas aforas, as miñas aforas perfectas, as aforas que deberían ser, as que eu quero. Dentro estás ti e aquí dentro non podo tocarme, aquí dentro non podes irte nunca, aquí dentro non podes perderte. Imaxina que te atopo fóra... Onde me meto?*” E quedas pensativa porque está claro que Clara quere estar aí dentro. Ti queres sacala para fóra, parece que ultimamente estana forzando a saír. Deixase...pero preguntaste se ao facerlle iso, Clara perderá a súa esencia. Esperemos que non, dígame, pero iso sería como tentar explicar unha imaxe; unha desas imaxes impactantes que Clara colga. Como podo definir unha imaxe? Podo describirla, agora ben, definíla? Oxalá estes 3.000 caracteres se puidesen traducir en imaxes; así xa non me faría falla escribir, porque escribir sobre Clara é sacala da súa linguaxe. Aínda que Clara quere ocupar os espazos públicos e as rúas coa súa dramaturxia; ela está agochada no medo que precisamente é este o que lle permite dicir. E eu, eu véxome reflexada nese medo.

As mulleres, o feminino e o feminista están con ela, na súa escrita e no seu corpo. Tan parecidas e tan alonxadas. Onde estabamos, Clara?

3.000 caracteres sobre Clara Gayo entre a cervexa e o güiski.